



ACTA NÚM. 01/2016 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 05 DE XANEIRO DO 2016.

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás oito horas e trinta minutos do día cinco de Xaneiro do ano dous mil dezaseis, reúnen a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D^a. M^a Dolores Miguélez Casás.
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

1. ACTA N° 12/2015 DE DATA 14-12-2015.

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 12/2015 de data 14-12-2015, considéranse se considera aprobada votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

2. ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016.

Consta no expediente memoria e proposta da Alcaldía Pedanía de aprobación do orzamento da Entidade Local Menor de Chenlo para o exercicio 2016, de datada en decembro 2015, que é do teor literal seguinte:

"MEMORIA DA ALCALDÍA-PEDANÍA E PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO PARA O EXERCIZO 2016

En cumprimento do disposto nos artigos 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18.1 a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, fórmulase a seguinte memoria explicativa do Orzamento para o exercizo 2016:

O Orzamento da Entidade Local Menor de Chenlo ascende a 157.450,00 euros, tanto en gastos como en ingresos co seguinte resumo por capítulos:

INGRESOS			GASTOS		
CAP.	NOME	EUROS	CAP.	NOME	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	1	GASTOS PERSOAL	36.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	57.500,00
3	TAXAS E OUTROS INGR.	200,00	3	GASTOS FINANCIEROS	150,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	40.000,00	4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	117.250,00			
6	ALLEAMENTO INVERSIÓN REAIS	0,00	6	INVERSIÓN REAIS	63.800,00
7	TRANSFERENCIAS CAPITAL	0,00	7	TRANSFERENCIAS CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00

Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cáles s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

	TOTAL	157.450,00		157.450,00
--	--------------	-------------------	--	-------------------

O contido fundamental do orzamento para o exercizo 2016 e as variacións que contén con respecto a exercizos anteriores é o seguinte:

Estado de Gastos:

No capítulo 1 recóllense os gastos de persoal da Entidade Local Menor de Chenlo, respectándose nos seus importes e situándose por debaixo das limitacións establecidas no RDLei 1/2014 para poboacións con n.º de habitantes de 1000 a 5000.

Mantense a non consignación de cantidade algunha para atender os gastos de asistencia dos vogais a órganos colegiados.

No capítulo 2 dótanse créditos para atender suficientemente os diferentes gastos correntes necesarios para o mantemento da Entidade.

No capítulo 6 recóllense aquelas inversións que se esperan realizar durante o exercizo.

Estado de ingresos:

En relación cos ingresos consígnanse aqueles que se esperan obter ó longo do exercizo, sendo os fundamentais o convenio de colaboración co Concello que vense desenvolvendo con normalidade nos últimos anos e os procedentes das subastas de madeira do monte da Entidade.

Por todo isto, **PROPOÑO:**

1.- Aprobación provisionalmente o Orzamento Xeral da E.L.M. de Chenlo para o exercizo 2016

2.- Aprobación das bases de execución que se xuntan co mesmo.

3.- Que dito orzamento xeral sexa exposto ao público polo prazo de quince días hábiles, previo anuncio no B.O. da Provincia durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante a Xunta Veciñal, en cumprimento do disposto nos artigos 169.1 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o T.R. da Lei Reguladora das Facendas Locais e 20.1 do RD 500/1990, do 20 de abril.

4.- O Orzamento Xeral considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentan reclamacións e entrará en vigor, no exercizo correspondente unha vez publicado o resumo por capítulos no B.O. da Provincia."

A continuación se somete a votación ordinaria a aprobación da conta xeral do orzamento do exercizo 2011, quedando aprobada co seguinte resultado:

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta anteriormente transcrita quedando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 4 de D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ, E D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).

ABSTENCIÓN: 1 de D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

3. SOLICITUDE AO CONCELLO DO PORRIÑO RELATIVA A ANOMALÍAS NA ILUMINACIÓN PÚBLICA MUNICIPAL NA PARROQUIA DE CHENLO.

A Presidencia le a proposta da Alcaldía Pedanía, de data 22-12-2015, que do teor seguinte:

"Ante a necesidade de paliar as carencias e avarías producidas no tendido eléctrico municipal na parroquia de Chenlo, que desde fai varios meses se ven padecendo polos veciños/as do Porriño e habitantes de Chenlo sen que ata o momento Concello do Porriño as houbera solucionado, PROPOÑO á Xunta Veciñal a adopción do seguinte
ACORDO:

Solicitar o Concello do Porriño para que a maior urxencia posible posibilite a reparación e acondicionamento da iluminación pública municipal avariada ou deteriorada, para atender as necesidades a veciñanza do Porriño e habitantes da parroquia de Chenlo."



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

4. SOLICITUDE AO CONCELLO DO PORRIÑO SOBRE UNHA PARELLA QUE SE ENCONTRA VIVINDO NUNHA TENDA DE CAMPAÑA NO TERREO MUNICIPAL QUE CIRCUNDA A ANTIGA ESCOLA UNITARIA DE CHENLO.

A Presidencia le a proposta da Alcaldía Pedanía, de data 22-12-2015, que do teor seguinte:

“Tendo coñecemento de que por motivos de necesidade unha parella atopase vivindo nunha tenda de campaña no terreo municipal que circunda a antiga escola unitaria de Chenlo sen ter as condicións mínimas e básicas necesidades de calquera cidadán, PROPOÑO á Xunta Veciñal a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar ao Concello do Porriño que dea unha posible solución a situación que ven padecendo a devandita parella.”

Seguidamente o Presidente somete a votación ordinaria a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

5. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.

A Presidencia le e dá conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 31-08-2015 ata o día 22-12-2015 e do decreto de prórroga do orzamento de data 02-01-2015, quedando a Xunta enterada.

2. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO:

A) MOCIÓNS.

O Alcalde Pedáneo, Sr. Lorenzo Alonso (P.P) formula in voce a seguinte moción:

1º. Mandar unha placa conmemorativa á familia do ex Alcalde do Porriño, D. José Manuel Barros González finado onte (04-01-2016).

2º. Declarar o recoñecemento polo traballo realizado e colaboración prestada desde o seu cargo a esta Institución e a parroquia de Chenlo.

O Presidente somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da moción quedando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a anterior moción resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

B) ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Polo Vocal Sr. Fernández Vázquez (PSdeG-PSOE), se formula o seguinte:

Dado que o afastamento da Entidade Local respecto de ofician bancaria e ante a dificultade de poder chegar a causar á maioría dos veciños de Chenlo o desprazarse ao Porriño para a retirada de diñeiro,



**Entidad Local
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

pago de recibos, ingresar difeiro, etc. O problema se podería solucionar coa colocación dun caixa de última xeración que permita realizar todas esas xestións, polo que PROPOÑO:
Que esta entidade inicie inmediatamente as necesarias xestións institucionais para a posta en funcionamento de unha caixa automática no pobo, ubicada ou ben nas inmediacións da Entidade ou nas inmediacións da Casa Rectoral.

PREGUNTAS:

Non se formula ningunha.

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as oito horas e cincuenta minutos do día ut supra. Dou fe.

